# TITORIAL DO PROGRAMA KIZOA

Este programa permite facer presentacións de fotos, collages,…, coa opción de obter un código html para colgar nun blogue, ou gravar nun cd. Ben sendo parecido a slides, photo peach,…

Accedemos no seguinte enlace:

http://www.kizoa.es/

Como é a primeira vez que accedemos teremos que crearnos unha conta, polo que dámoslle a ENTRAR:




Ábresenos unha ventá na que teremos que encher os datos:



Ao acabar de encher os datos aparecemos:




Como vedes sinalado na imaxe, temos as opcións de crear diapositivas, facer un collage,…. Imos facer unha presentación de fotos:

O primeiro paso será facer un albume onde meter as nosas fotos:





Subimos as fotos ao programa, para iso dámoslle a opción de "BUSCAR LAS FOTOS EN MI ORDENADOR":



Ábresenos unha ventá para buscar as fotos que queremos seleccionar:




Unha vez atopemos a carpeta onde temos as imaxes, escollemos as fotos que queremos subir, no caso de que sexan todas, en vez de ir sinalando unha por unha podedes darlle a Ctrl + E, e así seleccionades todo moito máis rápido e fácil. Dámoslle a abrir e esperamos a que carguen.




Despois de cargar as fotos pedirannos que escollemos o que queremos facer, neste caso, crearemos unha película de fotos:




Agora teremos as fotos e debaixo os ocos para ir colocándoas, o funcionamento é parecido ao programa movie maker, temos que arrastrar as imaxes…




Unha vez colocadas, imos elixir unha transición:



A transición é o paso dunha diapositiva a outra, as que poñen unha P son de pago, despois de elixir a que queiramos arrastrámola ata as "T", non ten que ser a mesma. Estas agrupadas por temas, fixádevos na marxe esquerda:




Se queremos tamén podemos agregar texto enriba das imaxes, para iso temos que seleccionar na parte superior texto e despois arrastralo enriba da foto desexada:



Cando arrastremos o formato do texto enriba da foto, abrirase a seguinte ventá, onde escribiremos o que desexados, elixiremos o tipo de letra, cor…. Cando rematemos dámoslle a aceptar.




No caso no que queiramos inserir música, eliximos a opción na marxe superior e despois ou ben escollemos entre as opcións que nos trae o programa ou subimos unha canción do noso ordenador. Unha vez elixida, temos que colocarnos na primeira imaxe da película e arrastrar a música susto debaixo e xa se coloca automaticamente:



Unha vez rematado, temos tres opcións. Fixádevos na marxe dereita:




Podemos ver como nos quedou a nosa obra de arte.

Enviala por correo.

Ou gardala.

Cando lle demos a gardar, teremos o primeiro de todo, que pórlle un nome ao noso proxecto:




Acto seguido volven aparecer tres opcións:

Enviala por correo.

Publicar en facebook.

Gravar nun DVD.



No caso de que o que queiramos sexa publicar nun blogue ou na páxina web, dámoslle a continuar, non vos preocupedes que o temos gardado. Antes de continuar fágovos unha reflexión: se vos parece fácil o programa, os montaxes que se fan ao final do curso pódense facer por aquí, xa que o que ten este programa de especial é que nos deixa gravar nun dvd o traballo.

Agora imos buscar o noso traballo, pois temos que ir a "MIS DIAPOSITIVAS", na marxe superior. Eu como só teño esta aparecerame unha, pero a medida que fagamos varias as teremos todas aquí:




Pinchamos sobre o noso proxecto e despois imos na marxe inferior e clicamos enriba da opción "insertar blog". Ábresenos esta ventá e xa temos o código necesario, incluso o tamaño no que o queremos:



Non vos esquezades de cerrar a vosa conta antes de saír, para iso tendes que ir a ventá anterior, xa que o programa unha vez entras abre unha ventá. Non pechedes a anterior, se non recordades cal era mirade a primeira imaxe deste titorial. Se xa a tendes pechada, non pasa nada, volvedes a google, escribides KIZOA, e ao abrir de novo a páxina xa vos aparecen os vosos datos, así:




A próxima vez que accedamos á páxina teremos que darlle a ENTRAR:



Abrirase esta ventá onde pincharemos na opción sinalada:




Despois abrirase outra ventá na que nos pide os datos e xa estamos listos para traballar:

